

COMUNICADO Nº 114/21
5 DE XULLO DE 2021

□ PARTICIPACIÓN FÓRMULAS DE PROMOCIÓN:

Ante diferentes consultas, dos equipos participantes nas Copas e Fórmulas de promoción dos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo, sobre o tanto por cento de conducción do Piloto e Copiloto (Rallyes, Rallymix) informase:

1) Para puntuar **o piloto ten que conducir o 100% da proba**, non podendo conducir no percorrido ou nun treito cronometrado o copiloto, so pena da perda de premio e puntos da proba en cuestión.

2) No mesmo eido de cumprimento do punto1 **para optar as becas PXP, AMF, ou das novas que se están a negociar, pola Federación Galega de Automobilismo**, para implementar na tempada 2022 e vindeiras.

3)**A tódolos efectos anúlase o artigo do C.D.I. de autorización a participación do 60% (piloto), e 40% (copiloto)**, para puntuar e optar a calquera beneficio económico, de puntuación, ou das becas que a Federación Galega de Automobilismo pon a disposición dos seus afiliados.

4)**A implantación desta normativa e de obrigado cumprimento a partir da data de publicación deste comunicado a tódolos efectos.**

5) A observancia da norma farase efectiva por calquera oficial da proba ou cargo federativo que estea facendo funcións na proba (Rallyes, Rallymix) e poida elevar informe fehaciente o Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo.

□ MEDIOS PARQUES DE CUSTODIA-TRABALLO:

A partir da vindeira proba, inclusive, os equipos participantes nas modalidades de Rallyes, Rallymix, e Montaña terán que solicitarlos metros lineais de fachada e os metros cadrados que se pretendan utilizar nos Parques de Custodia-Traballo.

Os Comités Organizadores das probas adecuarán as peticións a realidade e disponibilidad de metros lineais e cadrados de que se dispoñan.

Así mesmo prohibense coches de apoio na asistencia, coa salvedade dun coche por asistencia.

O Comité Organizador comunicará, por correo electrónico, a cada equipo participante os metros lineais de fachada e cadrados asignados.